

ORDENANZA FISCAL NÚM. 119

TAXA POR DEREITOS DE EXAMES

ARTIGO 1º.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por dereitos de exame, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre quen soliciten participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ás que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 4º. DEVENGO

1. O devengo da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

2. A devandita solicitude de inscrición non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 6º desta ordenanza.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, determínanse en función do grupo ou escala a que corresponde a praza a cubrir, sendo as seguintes:

Grupo ou Escala A:	18,00 €
Grupo ou Escala B:	16,00 €
Grupo ou Escala C:	14,00 €
Grupo ou Escala D:	12,00 €
Grupo ou Escala E:	10,00 €

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada ou na Tesourería municipal, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición, non admitíndose o pagamento fóra do devandito prazo.

A falta de pagamento da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada.

2. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realizase, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó interesado.

ARTIGO 7º. EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

1.- Estarán exentos do pago da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

2.- Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral.

3.- Os interesados deberán xustificar as circunstancias, mediante a oportuna documentación, no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas establecidas na vixente Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiarimante os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno do 26 de decembro de 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA: BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007